

Estimados Pais/Nais:

Como todos os anos, os mestres de Educación Infantil queremos darvos a benvinda a este novo curso. Gustaríamos lembrarvos os horarios dos nenos durante o período de adaptación:

- **Alumnos 3 anos:**

Luns 11: entrarán ás 10:00 e sairán ás 11:00.

Martes 12: entrarán ás 10:00 e sairán ás 12:00.

Mércores 13: entrarán ás 10:00 e sairán ás 13:00.

A partir do Xoves 14, inclusive, o horario será de 9:00 a 13:50.

- **Alumnos de 4 e 5 anos:**

Luns 11: entrarán as 10:00 e sairán ás 12:00.

Martes 12 e Mércores 13: entrarán ás 10:00 e sairán ás 13:00.

A partir do Xoves 14, inclusive, o horario será de 9:00 a 13:50.

Prégase as persoas encargadas de traelos e recollelos o fagan con puntualidade e que sexan recollidos sempre, ou na medida do posible, pola mesma persoa. De non ser así, deberá notificarse e autorizarse previamente por escrito polos titores dos nenos. Asemade, deberase entregar cuberto o documento que se adxunta na maior brevidade posible facendo constar nome, apelidos e DNI das persoas autorizadas.

As titorías faranse os martes de 16:30 a 17:30, previa cita. É necesario asistir sen nenos.

Asemade gustaríanos recordar certas normas para unha boa marcha do curso.

- Os nenos deberán traer á clase **ROUPA CÓMODA** que poidan poñer e quitar solos con facilidade. Non poderán traer cinturón, tirantes, nin pantalón de peto. **O CALZADO DEBE TER VELCRO PARA CERRAR, NON CORDÓNS.**
- Os nenos de Educación Infantil 3 anos deberán traer unha muda de roupa e un paquete de toallitas que permanecerá na aula para poder cambialos se fose necesario.
- A mochila debe ser adecuada ó tamaño do neno (non deberá exceder dos 30 x30 cm) e non poderá ter rodas. Diariamente o neno traerá na mochila, unha botella pequena con **dispensador** de auga, unha toalla pequena e unha libreta, para facilitar a comunicación titor-pais. Todo elo con nome e as iniciais dos apelidos.
- **PREGAMOS QUE LLE POÑADES O NOME A TODAS AS COUSAS QUE O NENO TRAI A Ó CENTRO**, como a roupa de abrigo, mandilón, mochila, muda...para poder identificalas fácilmente e evitar pérdidas ou confusións. Ademais a roupa que sexa para colgar debe levar unha cinta cosida.
- Todo o material de traballo (libros, carpetas, cd, contos...)deberán ter posto o nome e as iniciais dos <http://leoncini.blogspot.com.es> <http://quinonesdeleon.es>

apelidos. Non chega con poñer o nome na carpeta do neno. Os libros deberán estar nas aulas (os 3 trimestres) debidamente identificados antes do 16 de Setembro, posto que comezase a traballar con eles. . **ASEMADE OS NENOS DE 5 ANOS DEBERÁN TRAER O LIBRO DE LECTURA (LEER 1) FORRADO.**

- Os nenos non poderán traer xoguetes nin paraugas ó centro. Prégase que non traian pulseiras ou aneis porque poden perdelos.
- Os venres, levarán o mandilón para lavar na casa e deberán traelo cada luns.
- Deberán traer 2 fotos de carnet (independentemente das entregadas na secretaria) para actividades nas aulas. Preferiblemente antes do 16 de setembro.
- Os días de Educación Física os nenos deberán traer o chándal do colexio e zapatillas deportivas con velcro. Dito chándal pode mercarse en Brais Sport (Sanjurjo Badía, enfrente de Xesuítas). Toda esta equipación deberán traelas a partir do 19 de Setembro. **NAS SAÍDAS PROGRAMADAS LEVARASE O CHÁNDAL DO COLEXIO.** O horario de Ed. Física é o seguinte:

E.I. 3 anos: Martes

E.I. 4 anos: Mércores

E.I. 5 anos: Xoves.

- Calendario de merendas é o seguinte. Pregámosvos que o respectedes:

Luns e Mércores: Froita (pelada)

Martes e Venres: Bocado (non de chocolate).

Xoves: Lácteos.

- Cumpreanos: Os cumpreanos que coincidan nun mesmo mes, tanto de 3, 4 como de 5 anos celebráremoslos conxuntamente o último venres dese mesmo mes. Asemesmo as invitacións entregaranse na clase cando haxa para todos. De non ser así, pedímosvos que as entreguedes fora.
- Como fixemos nos últimos anos, o equipo de Educación Infantil pon a vosa disposición o blog de leonciños para que vexades algunhas das actividades que realizamos cos vosos nenos durante o curso.

<http://leoncinis.blogspot.com.es>

Quedamos á vosa disposición para o que queirades, e agardamos a vosa colaboración.

Un saúdo

Os mestres de Educación Infantil.

<http://leoncinis.blogspot.com.es>

<http://quinonesdeleon.es>